

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 a E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Específico Parte teórica" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 a E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "Específico Parte práctica" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPONSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 150 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPONSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Cal das seguintes clasificacións NON se corresponde con residuos sanitarios?:

- A) Clase I: Residuos domésticos.
- B) Clase VI: Residuos radioactivos.
- C) Clase IV: Residuos de citotóxicos y citostáticos.
- D) Clase III: Residuos biocontaminados.

2. O pigmento formólico é:

- A) Esóxeno.
- B) Endóxeno.
- C) Artefactual.
- D) Hemoglobinoxeno.

3. Para que se utiliza o ácido clorhídrico na tinción de Papanicolaou?

- A) Azulamento.
- B) Aclaramento.
- C) Mordente.
- D) O ácido clorhídrico non se utiliza nesta tinguadura.

4. Cal dos seguintes NON é unha indicación de risco do xileno?:

- A) Tóxico por inhalación.
- B) Teratóxeno.
- C) TLV: 200ppm.
- D) Tóxico en contacto coa pel.

5. Os estudos que se realizan nun proceso de biopsia intraoperatoria mediante conxelación denominanse:

- A) Estudos vitais.
- B) Estudos supravitais.
- C) Estudos postvitais.
- D) Estudos subvitais.

6. Como se chama a destrución de todo tipo de microorganismos patóxenos e saprófitos, incluíndo as esporas?

- A) Desinfección.
- B) Esterilización.
- C) Antiseptia.
- D) Ningunha é correcta.

7. Das seguintes tincións, cal se utiliza para demostrar o virus da Hepatite B?:

- A) Giemsa.
- B) Orceina de Shikata.
- C) Nissl.
- D) PTAH.

8. Cal das seguintes afirmacións sobre a citoloxía urinaria é FALSA?

- A) O estudo de máis dunha mostra aumenta o rendemento diagnóstico.
- B) O diagnóstico de malignidade en lesións papilares de baixo grao ten unha especificidade moi alta.
- C) Para a clasificación das lesións de vexiga utilízase o sistema de París.
- D) Os ouriños obtidos por micción espontánea representan o método idóneo de obtención de material.

9. Cal é o principal obxectivo da fase da depuración con xileno no proceso de inclusión de tecidos en parafina?

- A) Retirar a auga dos tecidos e permitir posteriormente a impregnación con parafina.
- B) Substituír ao alcol que impregna os tecidos e permitir posteriormente a impregnación con parafina.
- C) Aclarar o tecido para favorecer a súa visualización no microscopio óptico.
- D) Endurecer a mostra para permitir a realización de seccións finas (de 2 a 5 micrómetros).

10. Que é a citopatoloxía? Sinale a resposta correcta:

- A) O estudo de procesos neoplásicos a través de técnicas citolóxicas.
- B) Unha rama da Anatomía Patolóxica que estuda as alteracións morfolóxicas das células.
- C) Un conxunto de tinguiduras que permiten ver células.
- D) Todas as anteriores son correctas.

11. A técnica do Carmín de Best:

- A) É unha técnica histoquímica.
- B) É unha coloración progresiva.
- C) Tingue o glicóxeno.
- D) É específica.

12. Sobre aplicacións da citometría de fluxo, sinale a resposta incorrecta:

- A) Permite examinar propiedades fisiolóxicas e químicas das células.
- B) Cuantificación de ADN.
- C) Análise dos fenotipos das células sanguíneas.
- D) Todas as anteriores son correctas.

13. En hibridación in situ con fluorescencia (FISH), que é unha sonda?

- A) É unha cadea de 16 a 25 nucleótidos e que activa a amplificación dunha rexión do ADN.
- B) É un ácido nucleico cunha molécula marcadora que permite a súa visualización directa nun microscopio de campo claro.
- C) É un fluorocromo que permite localizar a rexión hibridada cun oligonucleótido ao microscopio de fluorescencia.
- D) É un ácido nucleico modificado con fluorocromos e complementario á secuencia diana.

14. A polimerización dos bloques de microscopía electrónica incluídos en resina de Spurr realízase preferentemente :

- A) A temperatura ambiente.
- B) En estufa a 60 graos centígrados durante unhas 24 horas.
- C) En neveira a 4 graos centígrados durante unha hora.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

15. Á hora de elaborar os bloques de parafina, en relación coa orientación dos espécimes grandes e sólidos:

- A) Deben ser incluídos de forma que a coitela pase por eles de maneira continua no inicio do corte.
- B) Deben incluírse cun leve ángulo en relación co bordo da coitela.
- C) Non ten importancia á hora de realizar o bloque.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

16. Con relación ás graxas, cal das seguintes afirmacións é FALSA?:

- A) Son solubles en auga.
- B) Son solubles en alcohol, cloroformo e acetona.
- C) Clasifícanse en lípidos simples ou complexos.
- D) Clasifícanse en homofásicos ou heterofásicos.

17. Un certificado dixital é:

- A) Unha clave de usuario que se obtén nos sistemas de información do Sergas.
- B) Un documento dixital que contén datos identificativos.
- C) Un certificado relativo a cada ordenador.
- D) Un certificado de números e letras.

18. Que axente químico emprégase para a desinfección contra príons na sala de autopsias?

- A) Glutaraldehído ao 2%.
- B) Hidróxido de sodio ao 0,1%.
- C) Óxido de etileno ao 2%.
- D) Hipoclorito de sodio ao 0,1%.

19. Cal é o pictograma de substancia tóxica?:

- A) Cruz en aspa de grosso trazado.
- B) Caveira sobreposta a dúas tibias que se cruzan en aspa.
- C) Dúas probetas inclinadas das que caen gotas que danan a pel e un material inerte.
- D) Unha gran chama.

20. As tincións tricrómicas para o tecido conxuntivo:

- A) Empregan Hematoxilinas férricas.
- B) Tinguen o coláxeno de tipo II.
- C) Utilízanse cun pH óptimo ao redor de 3,5.
- D) Utilizan a Fucsina básica como colorante citoplasmático.

21. É unha técnica de impregnación arxéntica nun tempo:

- A) Gordon-Sweet.
- B) Masson-Fontana.
- C) Gomori.
- D) Grimelius.

22. Dos seguintes, cal é un colorante metacromático?

- A) Hematoxilina.
- B) Azul de metileno.
- C) Eosina.
- D) Vermello nuclear.

23. Mediante espectrofotometría, os ácidos nucleicos presentan un máximo de absorbanza (en nm ou nanómetros) a:

- A) 280 nm.
- B) 260 nm.
- C) 230 nm.
- D) 320 nm.

24. A temperatura ideal da parafina á hora de realizar os cortes é:

- A) Entre 5 e 10°C.
- B) Entre 0 e 5°C.
- C) Entre 0 e -5°C.
- D) Inferior a -5°C.

25. En estatística, indique cal ou cales son medidas que expresan o grao de dispersión dunha variable fronte á súa media:

- A) Mediana.
- B) Desviación típica.
- C) Coeficiente de asimetría.
- D) As respostas B) e C) son correctas.

26. Cal dos seguintes líquidos fixadores actúa por formación de sales cos tecidos?:

- A) Ácido Pírico.
- B) Glutaraldehido.
- C) Formaldehido.
- D) Ácido acético.

27. Con respecto ao Criostato, que resposta é falsa?:

- A) Consta dun microtomo Minot nunha cámara de conxelación.
- B) A temperatura da cámara fría é de -20° C.
- C) Utilízase para estudos intraoperatorios, histoenzimáticos e inmunohistoquímicos.
- D) Non permite realizar seccións seriadas.

28. Para conservar os detalles morfolóxicos dos tecidos utilízase:

- A) Fixación histolóxica ou citolóxica
- B) Fixación histoquímica.
- C) Fixación molecular.
- D) Fixación bioquímica.

29. Que é o óxido de Etileno?

- A) Un produto derivado da glicosa.
- B) Un composto químico para limpar a pel.
- C) Un gas utilizado para a esterilización.
- D) Un método químico de desinfección.

30. Segundo o RD 767/2014, sobre as competencias xerais dos Técnicos Superiores de Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico, é FALSO que sexan competentes para:

- A) Aplicar técnicas inmunohistoquímicas e de bioloxía molecular, seleccionando os procedementos en función da determinación solicitada.
- B) Realizar técnicas necrópsicas, sen supervisión do patólogo, obtendo mostras identificadas e recompoñendo o cadáver.
- C) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade e asegurar o uso eficiente dos recursos, supervisando o desenvolvemento do mesmo.
- D) As respostas B) e C) son falsas.

31. Que entendemos por infección nosocomial?

- A) Enfermidade producida como consecuencia dun traumatismo.
- B) Unha enfermidade de tipo tumoral.
- C) Enfermidade que precisa de ingreso hospitalario e que, debido ao seu alto contaxio, faise necesario un tratamento inmediato.
- D) Aquel proceso infeccioso sobreengadido na persoa enferma e que reconece unha etioloxía e unha epidemioloxía intrahospitalaria.

32. Indique en que condicións NON debemos recibir unha mostra para o estudo molecular intraoperatorio de ganglio centinela completo de mama (OSNA, One Step Nucleic Acid Amplification):

- A) En fresco.
- B) Nun bote para mostras estéril.
- C) Se non se pode asegurar a rapidez na entrega, en fresco e con xeo.
- D) En formol.

33. As unidades de competencia específicas para o citotécnico, recollidas no Real Decreto vixente, polo que se establece o título de Técnico Superior de Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico e se fixan os seus ensinos mínimos, fan referencia a:

- A) Realizar baixo supervisión facultativa a selección e aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas, líquidos e secrecións corporais, sinais e mostras non xinecolóxicas obtidas por punción.
- B) Realizar baixo supervisión facultativa a selección e aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas, líquidos e secrecións corporais, sinais e mostras non xinecolóxicas obtidas por punción, así como o diagnóstico de citoloxías xinecolóxicas sen displasia.
- C) Realizar baixo supervisión facultativa a aproximación diagnóstica de todo tipo de mostras citolóxicas, así como o procesamento das mesmas.
- D) Realizar baixo supervisión facultativa a selección e aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas, e levar a cabo o adecuado procesamento de todo tipo de mostras citolóxicas.

34. A cariorrexe é un fenómeno que:

- A) Afecta ao citoplasma.
- B) Afecta ao núcleo.
- C) Vacuoliza o citoplasma.
- D) Todas as anteriores son correctas.

35. Indique en que caso está contraindicado o proceso de descalcificación:

- A) En neoplasias óseas nas que se deban realizar estudos moleculares.
- B) En enfermidades óseas metabólicas.
- C) En caso de sospeita de metástase en óso.
- D) En pezas dentais.

36. En relación co certificado de morte certa, é FALSO:

- A) Emíteo o médico que solicita a autopsia.
- B) É equivalente ao certificado de defunción.
- C) A súa obtención é obrigatoria antes de comezar coa autopsia.
- D) Constará o día e a hora do falecemento.

37. Que son as células Arias Stella en citoloxía cervico-vaxinal?

- A) Células endometriais que aparecen nos frotis menstruais.
- B) Células epiteliais de citoplasma moi amplo e vacuolado que poden aparecer durante o embarazo.
- C) Células moi grandes e multinucleadas que aparecen con frecuencia no postparto.
- D) Células estromais do endometrio decidualizado que aparecen nos frotis de mulleres xestantes.

38. É unha regra xeral de fixación:

- A) Para fixar órganos enteiros, realízanse seccións de 5cm de grosor.
- B) O fixador debe ter pH básico.
- C) Non é importante o tempo que pasa antes de introducir o tecido no líquido fixador.
- D) Existe un tempo máximo de fixación que non debe ser excedido.

39. Que é unha diana terapéutica?

- A) É unha terapia específica e dirixida contra un tipo de cancro.
- B) É unha técnica para a determinación de marcadores moleculares.
- C) É unha molécula celular susceptible de ser tratada especificamente por un fármaco.
- D) É un protocolo de tratamento para pacientes oncolóxicos.

40. Con respecto ao segredo profesional do persoal sanitario, indique a resposta FALSA:

- A) O acceso á historia clínica sen autorización é unha falta moi grave.
- B) A morte do paciente extingue o deber do segredo profesional.
- C) Verase obrigado a romper o segredo profesional cando exista perigo para a saúde pública.
- D) Poderá ser revelado cando declare como testemuña nun xuízo.

41. Considéranse residuos perigosos de categoría V os que conteñen:

- A) Mercurio, B5, etanol, formol, xilol, colorantes e outros con base alcohólica.
- B) Pezas de anatomía en formol.
- C) Residuos químicos perigosos de laboratorios sanitarios.
- D) Todos os anteriores.

42. Que tipo de oculares teñen a propiedade de formar un campo perfectamente plano, carecendo de aberración periférica?

- A) Oculares Ramsden.
- B) Oculares compensadores.
- C) Oculares aplanéticos.
- D) Oculares peri-planáticos.

43. Na técnica de Ziehl-Neelsen:

- A) Utilízase calor para forzar a tinción con fucsina.
- B) Os bacilos ácido-alcol resistentes tinguense de azul.
- C) Utilízase para o diagnóstico de parasitos.
- D) Realízase sobre seccións de 8 micras de grosor.

44. No proceso de desparafinado e rehidratación, indique a orde de reactivos correcta:

- A) Inmersión sucesiva en dous baños de xilol seguida de varios alcois con gradación decrecente.
- B) Inmersión sucesiva en varios baños de alcois con gradación crecente e dous baños de xilol.
- C) Inmersión sucesiva en dous baños de xilol seguida de varios alcois con gradación crecente.
- D) Inmersión sucesiva en varios baños de alcois con gradación decrecente e dous baños de xilol.

45. Que técnica de entre as seguintes, é a máis empregada para a detección do glicóxeno?

- A) Vermello Congo
- B) Sudán Negro.
- C) Carmin de Best.
- D) Azul de Nilo.

46. No diagnóstico diferencial mediante inmunohistoquímica entre LSIL (CIN1) e HSIL (CIN2 e CIN3) nunha biopsia obtida por colposcopia, indique a resposta correcta:

- A) A positividade para p16 é unha evidencia en favor de HSIL.
- B) A positividade para p16 é unha evidencia en favor de LSIL.
- C) A negatividade para p16 é unha evidencia de lesión relacionada con infección por VPH.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

47. Que característica relaciona a secuencia sentido (forward) coa secuencia antisentido (reverse) no ácido desoxirribonucleico (ADN)?

- A) Ningunha. O ADN só está composto por unha única cadea de nucleótidos.
- B) A secuencia de nucleótidos en ambas as febras é exactamente a mesma para que ambas se poidan repartir na división celular.
- C) A secuencia antisentido está invertida (3' – 5') e a súa secuencia nucleotídica é a mesma que a sentido.
- D) A secuencia antisentido está invertida (3' – 5') e é complementaria á secuencia sentido.

48. No sistema Bethesda para citoloxía xinecolóxica no medio líquido, para considerar unha mostra como suficiente, o número mínimo estimado de células escamosas ben preservadas e ben visualizables debe ser de:

- A) 500.
- B) 7000.
- C) 700.
- D) 5000.

49. Cal é o enunciado correcto sobre a reacción de Feulgen?:

- A) O ARN detéctase mediante o reactivo de Schiff.
- B) Realízase en 2 fases consecutivas.
- C) O ADN tinguése de verde.
- D) Co reactivo de Schiff demóstranse os grupos hidroxilo formados.

50. Deming contribuíu á calidade por:

- A) Establecer a definición das accións correctivas.
- B) Definir mapas de procesos.
- C) Desenvolver a análise causa-raíz.
- D) Definir o ciclo de mellora: planear, facer, controlar e actuar.

51. NON é unha regra xeral de fixación:

- A) O tecido debe ser colocado canto antes no líquido fixador.
- B) Para fixar órganos enteiros, débense realizar incisións sobre a superficie e/ou a apertura das cavidades internas.
- C) O tempo de fixación é específico para cada fixador.
- D) A relación entre o volume do fixador e o da peza debe ser de 30:1.

52. Cal é o factor do cal depende en maior medida a dureza da parafina?

- A) Viscosidade.
- B) Punto de fusión.
- C) Plasticidade.
- D) Fraxilidade.

53. Á hora de orientar un bloque debemos ter en conta que a superficie de corte será:

- A) A cara superior do fragmento.
- B) A cara inferior do fragmento.
- C) A cara superior ou inferior dependendo de como orientemos o bloque no micrótopo.
- D) Dependente do tipo de mostra.

54. Que é un oncoxene?

- A) É un xene con potencial comprobado de inducir cancro mediante unha mutación.
- B) É un xene que deriva dun protooncoxene que só está presente na célula tumoral.
- C) É unha secuencia de ADN de dobre febra que se corresponde coa unidade funcional no xenoma tumoral.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

55. Como se denomina a rexión dunha proteína que induce por si soa a resposta inmune?

- A) Hapteno.
- B) Epítopo.
- C) Paratopo.
- D) As opcións A) e B) son correctas.

56. A secuenciación do exón 11 do xene KIT permitiu obter a seguinte secuencia antisentido ou reverse (expresada de 5' a 3'): 5'- TTCATACATGGGTTT-3'. Indique cal sería a súa conversión a secuencia sentido (forward) para proceder coa análise de mutacións:

- A) 5' TTTGGGTACATACTT-3'.
- B) 5' AAGTATGTACCCAAA-3'.
- C) 5'-AAACCCATGTATGAA-3'.
- D) 5'-TTCATACATGGGTTT- 3'.

57. No proceso de confección do bloque de parafina, indique a resposta correcta con respecto á orientación da mostra:

- A) As biopsias escisionais de pel orientaranse de tal forma que o corte se realice preferentemente en sentido hipoderme-derme-epiderme.
- B) As biopsias arteriais sempre se orientarán de forma lonxitudinal ao corte.
- C) Os tecidos membranosos grandes (p.ex. membrana amniótica) débense dispoñer de forma plana e paralela á cara de corte.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

58. Indique con que técnica NON se pode determinar a relación de amplificación do xene HER2 en cancro de mama invasivo:

- A) FISH.
- B) CISH.
- C) SISH.
- D) Inmunohistoquímica.

59. Para o diagnóstico de melanoma metastásico nun líquido pleural, cal dos seguintes anticorpos empregaría agardando observar expresión?

- A) SOX-10.
- B) HMB-45.
- C) S-100.
- D) Todas as respostas son correctas.

60. Cal das seguintes mostras non se considera citoloxía exfoliativa?

- A) Citoloxía de ouriños.
- B) Punción aspiración con agulla fina (PAAF) de tiroides.
- C) Raspado de lesión en pel.
- D) Broncoaspirado.

61. Se nunha citoloxía cervico-vaxinal observamos células escamosas que presentan citoplasma anfófilo, halos claros perinucleares sen reforzo citoplásmico, núcleos de membranas lisas e binucleación, a súa interpretación morfolóxica será de:

- A) Atipia escamosa de significado indeterminado.
- B) Alteracións asociadas á inflamación.
- C) Lesión intraepitelial escamosa de baixo grao.
- D) Alteracións secundarias a tratamento hormonal.

62. Son factores predisponentes de displasia:

- A) Procesos inflamatorios.
- B) Infecciones virais.
- C) Exposición prolongada a tóxicos.
- D) Todas as anteriores son correctas.

63. Que estudos pódense realizar sobre unha mostra citolóxica obtida por PAAF?

- A) Inmunofluorescencia.
- B) Cultivo microbiolóxico.
- C) Moleculares.
- D) Todas son certas.

64. Que tres fases sucesivas comprende o procesamento do material citolóxico obtido dunha PAAF dun nódulo tiroide?

- A) Secado, fixación e tinguidura.
- B) Extensión, fixación e tinguidura.
- C) Fixación, extensión e tinguidura.
- D) Extensión, tinguidura e secado.

65. Cal das seguintes técnicas resulta de máis utilidade no estudo das enfermidades intersticiais de pulmón?

- A) Cepilladura bronquial.
- B) Aspirado bronquial.
- C) Lavado broncoalveolar.
- D) Espujo inducido.

66. Marta, traballadora do servizo de esterilización, ten por tarefa organizar, clasificar e almacenar o material esterilizado. Onde o realiza?

- A) Na área de limpo.
- B) Na área de sucio.
- C) Na zona de estar.
- D) Na área de estéril.

67. A técnica de Saccomanno consiste en:

- A) A heparinización do frasco onde se envía a mostra do espujo.
- B) Recollida do material bronquial mediante fibroscopio.
- C) Mesturar a mostra de espujo cunha solución de alcol etílico e carbowax.
- D) Aplicar un nebulizador para inducir o espujo.

68. A determinación do status mutacional do xene BRAF nunha mostra citolóxica pode resultar de especial utilidade en:

- A) Melanoma maligno metastásico.
- B) Carcinoma microcítico de pulmón.
- C) Unha citoloxía de tiroide con sospeita de carcinoma papilar.
- D) As respostas A e C son correctas.

69. Cando nunha citoloxía atópase un proceso que implica a diminución progresiva dos compoñentes estruturais da célula, denomínase:

- A) Atrofia.
- B) Metaplasia.
- C) Dexeneración mitocondrial.
- D) Anaplasia.

70. Segundo as recomendacións da SEAP, "Medidas de seguridade durante a epidemia pola COVID-19 nun servizo de Anatomía Patolóxica", canto tempo deberán de fixarse en formol as mostras de pacientes infectados por este virus?

- A) Non máis de 12 horas.
- B) Polo menos 24 horas.
- C) Polo menos 24 horas a temperatura ambiente ou 48 horas a 4°C.
- D) Polo menos 48 horas.

71. No laboratorio recíbese un primer (cebador) cunha concentración 100 microMolar (microM). Para poder realizar a mestura de PCR, necesitamos preparar unha solución intermedia de 100 microLitros (microL) e concentración 10 microM. Indique os volumes correctos a mesturar:

- A) 0,01 microL de primer en 99,99 microL de diluente.
- B) 0,1 microL de primer en 99,9 microL de diluente.
- C) 1 microL de primer en 99 microL de diluente.
- D) 10 microL de primer en 90 microL de diluente.

72. O colorante de elección para os cromosomas é:

- A) Safranina.
- B) Fucsina.
- C) Hematoxilina.
- D) Giemsa.

73. Indique cal dos seguintes anticorpos para inmunohistoquímica usaría como marcador de proliferación nuclear:

- A) p27.
- B) p16.
- C) p53.
- D) Ki67.

74. Nun lavado broncoalveolar, que células de entre as seguintes son as máis frecuentes?

- A) Escamosas.
- B) Cilíndricas.
- C) Caliciformes.
- D) Macrofáxicas.

75. A hematoxilina-eosina dunha endoscópica gástrica mostra, principalmente nas glándulas e as marxes do tecido, microrroturas en liña paralelas á coitela. Que problema no procesado da mostra reflicte devandito artefacto?

- A) Un retardo excesivo en comezar a fixación.
- B) Un exceso de fixación en formol tamponado.
- C) Un exceso de deshidratación.
- D) Un exceso de aclaramento en xileno.

76. Tras a tinguidura e montaxe dunha preparación histolóxica, o patólogo refire opalescencias ao microscopio. Indique cal sería a principal solución a tomar en consideración:

- A) Refacer o bloque, permitindo un maior tempo de impregnación en parafina, e proceder coa técnica de novo.
- B) Desmontar a preparación e repetir só o aclarado en xileno aumentando os tempos.
- C) Desmontar a preparación e repetir o proceso de deshidratación e aclarado aumentando os tempos.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

77. Indique en que caso ou casos estaría contraindicado a depuración con xileno para a montaxe dunha preparación tinguida:

- A) Preparación tinguida con colorantes de anilina.
- B) Preparación dunha mostra fixada por conxelación.
- C) Preparación tinguida con picro-fucsina de Van Gieson.
- D) As opcións A) e C) son correctas.

78. Estamos a escribir un documento, equivocámonos e necesitamos desfacer o cambio. Con que combinación de teclas o faríamos?

- A) Ctrl + Z.
- B) Ctrl + D.
- C) Ctrl + Supr.
- D) Ctrl + C.

79. Nunha extensión citolóxica procedente dunha PAAF dunha lesión neoplásica de mama, cal dos seguintes anticorpos empregaría para demostrar a natureza epitelial das células tumorais?

- A) AE1 - AE3.
- B) Vimentina.
- C) P63.
- D) Ki-67.

80. Cal das seguintes actuacións podemos considerar como característica do método de evisceración de Rokitansky?

- A) A disección por separado de larinxe e traquea.
- B) A extracción en bloque de todos os órganos do tronco.
- C) A apertura e exame in situ do estómago e os intestinos.
- D) A extracción dos riles por vía retroperitoneal.

81. Nunha biopsia renal, as fibras de reticulina tinguense de:

- A) Vermello con Tricómico de Masson.
- B) Azul coa tinción de Perls.
- C) Negro azulado coa tinción de Gordon-Sweet.
- D) Amarelo coa tinción de Gomori.

82. A tinguadura de Hematoxilina Fosfotúngstica úsase para evidenciar:

- A) Coláxeno.
- B) Fibras reticulares.
- C) Estriacións musculares.
- D) Fibras elásticas.

83. Durante a elaboración dos bloques, unha vez orientados os fragmentos de tecido, colocado o casete e enchido o paramolde con parafina líquida:

- A) O arrefriamento debe de ser o máis lento posible para non danar o tecido.
- B) O arrefriamento debe de ser rápido e homoxéneo.
- C) O arrefriamento debe realizarse á temperatura do laboratorio.
- D) O arrefriamento debe realizarse no frigorífico a 4°C.

84. Que se detecta coa tinción de Hall?:

- A) Melanina.
- B) Pigmento ceróide.
- C) Bilirrubina.
- D) Lipofucsina.

85. Que técnica utilízase para a demostración de calcio?:

- A) Gmelin.
- B) Masson-Fontana.
- C) PAS.
- D) Von Kossa.

86. As células endometriais aparecen con frecuencia na citoloxía cervico-vaxinal:

- A) Despois do día 12 do ciclo.
- B) Entre os días 13 e 18 do ciclo.
- C) Durante os 10 ou 12 primeiros días do ciclo.
- D) Durante todo o ciclo.

87. Na preparación dunha solución tamponada con base salina para a realización dos lavados posthibridación da técnica FISH, o pH resultante tras a mestura en auga dos diferentes reactivos é 9. Se o pH final para dita técnica ten que ser 8, indique con que solución o axustaría:

- A) Con HCl 1N.
- B) Con NaOH 1N.
- C) Con NaCl 1N.
- D) Con H₂O 1N.

88. Mediante a tinción de Orceina identifícanse:

- A) Coláxeno tipo I.
- B) Fibras elásticas.
- C) Mucopolisacáridos ácidos.
- D) Fungos.

89. Sinala a resposta INCORRECTA con respecto á citometría de fluxo:

- A) Permite realizar un diagnóstico diferencial entre algunhas enfermidades inmunitarias pulmonares.
- B) Permite identificar diferentes poboacións celulares simultaneamente.
- C) Mide o tamaño e granularidade da célula.
- D) Non permite o diagnóstico de patoloxías linfoides.

90. Durante a rutina diaria nun laboratorio de citopatoloxía, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) O citospray é un fixador en aerosol con base alcohólica que se aplica unha vez realizada a extensión.
- B) A fixación da célula en alcohol etílico ao 96% durante tempos superiores a 24 horas produce importantes artefactos nucleares.
- C) A citoloxía no medio líquido permite a realización de técnicas moleculares sobre o material citolóxico.
- D) Non é recomendable o uso de fixadores como a laca de pelo debido a que, pola súa composición, pode alterar os resultados da inmunocitoquímica.

91. Trala confección do bloque, a marxe adecuada de medio de inclusión que debe atoparse rodeando ao tecido debe ser de:

- A) Non superior a 1 mm.
- B) Como mínimo 2 mm.
- C) Entre 0,5 e 1 mm.
- D) Non debe existir dita marxe.

92. Coa tinción de Warthin–Starry obsérvanse:

- A) Bacilos de cor vermella.
- B) Espiroquetas de cor negra.
- C) Fungos de cor vermella.
- D) Fermentos de cor púrpura.

93. Os tres factores que determinan a cadea epidemiolóxica son:

- A) Fonte de infección, mecanismo de transmisión e hóspede.
- B) Fonte de infección, mecanismo de transmisión e vías de entrada.
- C) Fonte de infección, fómites e vías de entrada.
- D) Fonte de infección, fonte de exposición e hóspede.

94. En que técnica de evisceración retíranse por separado e un por un os órganos para ser examinados con posterioridade fóra do corpo?

- A) Técnica de Virchow.
- B) Técnica de Ghon.
- C) Técnica de Rokitsansky.
- D) Técnica de Letulle.

95. Que categoría, segundo a súa natureza, lle adxudicaría á variable "Tipo histolóxico do tumor"?

- A) Cualitativa.
- B) Semicuantitativa.
- C) Cuantitativa.
- D) Ningunha das anteriores respostas.

96. Recíbese un cilindro renal para estudo mediante inmunofluorescencia directa (IFD) de enfermidade por depósito de inmunocomplexos. Indique que método de fixación utilizaría preferentemente para o devandito estudo:

- A) As enfermidades por depósito de inmunocomplexos nunca se estudan con IFD.
- B) B-5.
- C) Glutaraldehido ao 2,5%.
- D) Conxelación en isopentano a -50°C .

97. Cal das seguintes tinciós utilízase para o diagnóstico de amiloidose?:

- A) Vermello Congo.
- B) Tioflavina T.
- C) Vermello Sirio.
- D) Todas son correctas.

98. Despois da polimerización, os moldes de microscopía electrónica:

- A) Esterilízanse e reutilízanse.
- B) Desinféctanse e reutilízanse.
- C) Refúganse seccionándoos lonxitudinalmente cunha coitela se son de plástico ou de silicona.
- D) Refúganse seccionándoos lonxitudinalmente cunha coitela se son de plástico ou de xelatina.

99. O patólogo refire, dunha tinguidura con hematoxilina-eosina nunha biopsia de cabeza de fémur, unha perda de detalle nuclear e citoplasmático, exceso de tinguidura por eosina e perda de basofilia nuclear. Identifique a causa:

- A) Defecto de descalcificación.
- B) Exceso de descalcificación.
- C) Proceso de inclusión con tempos demasiado curtos.
- D) Exceso de diferenciación da hematoxilina de Harris.

100. Pretendese avaliar a especificidade dun anticorpo para detectar unha proteína que só é expresada por certo tipo de tumores. Realízase a técnica inmunohistoquímica nunha selección de diversos tumores e tecidos normais. Que tipo de estudo analítico estamos a realizar?

- A) Transversal.
- B) Cohortes.
- C) De prevalencia.
- D) Casos e controis.

101. O equipamento dunha sección de citopatoloxía dependerá de:

- A) A carteira de servizos do centro hospitalario.
- B) O volume de traballo esperado.
- C) Os tipos de mostra que se reciben.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

102. Ao proceso de limpar de microorganismos patóxenos unha habitación, roupa ou pel, denominámolo:

- A) Esterilización.
- B) Limpeza.
- C) Desinfección.
- D) Asepsia.

103. Na elección dun anticorpo primario en inmunohistoquímica para a súa implantación na rutina do laboratorio, que característica debemos ter en conta para que devandito anticorpo sexa detectado polo anticorpo secundario?

- A) Se é monoclonal ou policlonal.
- B) En que especie animal foi obtido.
- C) O tipo de pretratamento recomendado.
- D) A dilución de traballo recomendada.

104. Para tinguir fibrina utilízase:

- A) Mucicarmín de Mayer.
- B) Tricrómico de Masson.
- C) Grocott.
- D) Coloración de Weigert.

105. Cal das seguintes técnicas NON se utiliza para a tinguir fungos?:

- A) Grocott.
- B) Gridley.
- C) PAS.
- D) Levaditi.

106. Recibimos no laboratorio un líquido sinovial. O aspecto macroscópico é hemático. Tras centrifugado obsérvase un sedimento avermellado e un sobrenadante claro. Cal das seguintes afirmacións é a correcta?
- A) Trátase dun derramo hemorráxico dadas as características do sedimento.
 - B) O máis probable é que se trate dun derrame infeccioso.
 - C) A punción foi traumática.
 - D) O resultado do centrifugado non serve para sacar conclusión algunha, facémolo para concentrar as células.
107. Un paciente pode adquirir unha enfermidade nosocomial por:
- A) Unha transfusión.
 - B) Contacto con *Aspergillus* vía aérea.
 - C) Un parto xemelar.
 - D) Todas son correctas.
108. Indique que marcadores necesitamos avaliar para clasificar un cancro de mama invasivo nun dos 4 subtipos biolóxicos ou inmunohistoquímicos (Luminal-A, Luminal- B, HER2+ e Triplo negativo):
- A) Receptores hormonais (estróxenos e proxesterona), p63, CK19 e HER2.
 - B) Receptores hormonais (estróxenos e proxesterona), Ki67 y HER2.
 - C) Mammaglobina, receptores hormonais (estróxenos e proxesterona), p63 y HER2.
 - D) Mammaglobina, cadherina-E, p63, Ki67 e HER2.
109. Para que unha sonda ou un primer (cebador) hibride coa rexión complementaria do ADN da mostra do paciente, sinala que etapa previa debemos realizar para separar ambas cadeas do ADN:
- A) Desnaturalización.
 - B) Dixestión enzimática.
 - C) Recuperación antixénica.
 - D) Extensión ou elongación.
110. Con Tricrómico de Masson tinguense:
- A) Coláxeno e reticulina de azul ou verde.
 - B) Núcleos de vermello.
 - C) Citoplasmas de azul negruzco.
 - D) Fibras elásticas de pardo negruzco.